



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2024

PRESIDENTA:

D^a María Dolores Pan Lesta

ASISTENTES:

D. Ramón Boga Moscoso
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Raúl Varela Fraguío
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTEN:

D. Juan González Leirós
D. Daniel Mallo Castro
D. David López Saborido

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D^a Sonia Machín Herranz

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas e un minuto do día dez de setembro do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as: D. Ramón Boga Moscoso, D^a María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Non asisten á sesión D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro e D. David López Saborido.

Asiste á sesión a interventora accidental, D^a Sonia Machín Herranz, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2024

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 3 de setembro de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 3 de setembro de 2024.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, Resolución de 4 de setembro de 2024, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia



financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE número 216, de 06-09-2024.

- Axencia Instituto Enerxético de Galicia, Resolución de 3 de setembro de 2024, polo que se amplía o prazo de execución e xustificación dos investimentos establecido na Resolución de 14 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, mediante tramitación anticipada de gasto, do procedemento de concesión de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas, anualidade 2024 (código de procedemento IN418E). DOG número 174, de 10-09-2024.

3.- PROPOSTAS

ÚNICA. PROPOSTA ÚNICA PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ADXUDICATARIA “NARABEEN GLOBAL SERVICES, S.L.” PARA O SERVIZO DE “PRODUCCIÓN DO EVENTO CROMÁTICO ‘MURAL FEST’, DENTRO DO PROGRAMA ‘MOCEARTE’, A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE NOS ANOS 2022 E 2023, CON OPCIÓN DE PRÓRROGA EN 2024”, EXP: 2022/C004/00008

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 5 de setembro de 2024 (CVD: JpwPsC6SltkCuPkc8QFh), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data 14.06.2022 a Xunta de Goberno local adoptou o acordo de adxudicación do servizo de “Producción do evento cromático ‘Mural Fest’, dentro do programa ‘MoceArte’, a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024”, a prol de “Narabeen Global Services, S.L.” no prezo ofertado para os dous anos de contrato de 49.367,96 euros (sen IVE), 59.735,23 euros (IVE incluído). Expediente número 2022/C004/000008

Visto que no antedito expediente depositouse unha fianza definitiva constituída mediante transferencia bancaria, de data 31 de maio de 2022 por importe de 2.468,39 euros (núm. de rexistro 1080).

Vista a solicitude presentada por Don Carlos Leiros López, en representación da empresa Narabeen Global Services, S.L, con data 14 de outubro de 2022 e nº de rexistro de entrada 202299900005662, na que solicita a devolución da fianza depositada para garantir a correcta execución do contrato. Tendo en conta que de conformidade coa cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexen esta contratación, que entre outras cosas di:

“(…)

El plazo de duración del presente contrato será, como máximo, de dos años, desde su formalización hasta el 31 de septiembre de 2023 incluido, con posibilidad de prorrogarse hasta el 1 de julio de 2024 incluido, previo acuerdo del órgano de contratación adoptado al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración principal del contrato.

(…)”,

na data de presentación desta solicitude, o contrato seguía en vigor, polo tanto non procedía a devolución da mesma.



Vistas a solicitudes presentadas por Don Carlos Leiros López, en representación da empresa Narabeen Global Services, S.L, con datas 31 de xaneiro de 2024 e nº de rexistro de entrada 20249990000633, 14 de febreiro de 2024 e nº de rexistro de entrada 20249990000899, 22 de febreiro de 2024 e nº de rexistro de entrada 202499900001068, 23 de abril de 2024 e nº de rexistro de entrada 202499900002468 e 10 de maio de 2024 e nº de rexistro de entrada 202499900002845, na que solicita a devolución da fianza depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado con data do 30.04.2024 (CVD: vWCLRDTJTeDHG+6yrhQs) polo coordinador de actividades culturais e educativas, José Luis Martínez Názara no que entre outras cousas sinala que:

“(...)

Visto que con data 14.06.2022 a Xunta de Goberno local adoptou acordo no que se adjudicou o contrato de servizos para a produción do evento Cromático Mural Fest, a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga no ano 2024, á empresa Narabeen Global Services S.L. Visto que a entidade non exerceu a prórroga do ano 2024, co beneplácito do concello, que estimou procedente a decisión.

Visto que o contrato xa rematou e que a entidade adjudicataria cumpriu o seu cometido.

Polo tanto, tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante, como responsable do contrato, fai constar:

1.- que non se formula obxección algunha, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída por importe de 2.468,39 euros.

(...)”

Visto o informe de intervención referencia **INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR DEVOLUCIÓN GARANTÍA NARABEEN GLOBAL SERVICES S.L. EXP.- 2022/C004/000008/** asinado con data do 22.05.2024 (CVD: yaphEe5wqy+twyflm+Mo), no que entre outras cousas sinala que:

“(...)

III) CONSIDERACIONS

Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

- a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.
- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios



ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.

d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”

Segunda: O prazo de garantía

A cláusula 27 das dos PCA (CVD: sVQh449FXwV+FoeRQ49B) dispón que:

“27. RECEPCIÓN Y PLAZO DE GARANTÍA.

El contrato se entenderá cumplido por el contratista cuando este haya realizado, de acuerdo con los términos del mismo y a satisfacción de la Administración, la totalidad de la prestación, de conformidad con lo previsto en el artículo 210 de la LCSP.

El contrato tendrá un plazo de garantía de un mes a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal haciendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos los trabajos correspondientes al objeto del contrato.

Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna, quedará extinguida la responsabilidad del contratista.

Si durante el plazo de garantía se acreditara la existencia de vicios, defectos u omisiones en las obligaciones a su cargo o en los trabajos efectuados, el órgano de contratación tendrá derecho a reclamarle al contratista que los enmiende.

Finalizado el plazo de garantía sin que la Administración hubiera formalizado alguno de los reparos o la denuncia referida, el contratista quedará exento de responsabilidad por la prestación efectuada.

Después de cumplido el objeto del contrato y prestada la conformidad por la Administración, se le dará curso a la cancelación de la garantía definitiva.”

Terceira: O informe asinado 30.04.2024 (CVD: vWCLRDTJTeDHG+6yrhQs) polo coordinador de actividades culturais e educativas.

De conformidade có informe asinado o 30.04.2024 (CVD: vWCLRDTJTeDHG+6yrhQs) polo coordinador de actividades culturais e educativas:

“(…)Polo tanto, tendo transcurrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante, como responsable do contrato, fai constar:

1.- que non se formula obxección algunha, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída por importe de 2.468,39 euros.. (..)”



Cuarta: Extremos obxecto de comprobación

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución
- ✓ A garantía non foi incautada por resolución do contrato
- ✓ **Constan** ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

IV) CONCLUSIONS

Ao existir unha dilixencia de embargo de créditos da AEAT por importe de 3.309,11 € a Narabeen Global Services, SL resulta de aplicación o artigo 65.3 do RXLCAP:

“La Caja General de Depósitos o sus sucursales u órgano ante el que se encuentren constituidas se abstendrán de devolver las garantías en metálico o en valores, aun cuando resultase procedente por inexistencia de responsabilidades derivadas del contrato, cuando haya mediado providencia de embargo dictada por órgano jurisdiccional o administrativo competente. A estos efectos, las citadas providencias habrán de ser dirigidas directamente al órgano ante el que se encuentren constituidas dichas garantías”

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(...)

Vista a providencia asinada con data do 20.06.2024 (CVD: UD3EabqLhgt7XeB98CqG) pola tesoureira municipal Isabel Barbeito Montero na que entre outras cousas sinala que:

“(...)

ANTECEDENTES:

-A Xunta de Goberno Local de 14.06.2022 acordou adjudicar o servizo “Producción do evento cromático ‘Mural Fest’, dentro do programa ‘MoceArte’, a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024”, a Narabeen Global Service, S.L, con CIF B27806132.

-A empresa adjudicataria depositou no Concello fianza para garantir as obrigas derivadas dese contrato por importe de 2.468,39 euros.

-Executado o contrato emitíuse informe favorable á devolución da garantía, asinado o 30.04.2024 polo coordinador de actividades culturais educativas de Concello.

-O día 08.04.2024, rexistro de entrada núm. 202400300000255, recibíuse no Concello dilixencia de embargo de AEAT por importe de 3.309,11 euros respecto de Narabeen Global Service, S.L



-O día 31 de maio de 2024, rexistro de entrada núm. 20240000002637, se presentou dilixencia de embargo da Tesorería General de la Seguridad Social, por importe de 925,81 euros respecto á mesma empresa.

NORMATIVA APLICABLE:

-Lei 9/2027, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)

O artigo 110 da LCSP establece os motivos dos que responde a garantía:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.

b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.

c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.

d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato.”

-Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP)

O artigo 65.3, di:

“La Caja General de Depósitos o sus sucursales u órgano ante el que se encuentren constituidas se abstendrán de devolver las garantías en metálico o en valores, aun cuando resultase procedente por inexistencia de responsabilidades derivadas del contrato, cuando haya mediado providencia de embargo dictada por órgano jurisdiccional o administrativo competente. A estos efectos, las citadas providencias habrán de ser dirigidas directamente al órgano ante el que se encuentren constituidas dichas garantías.”

- Real Decreto 937/2020, de 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, de aplicación supletoria segundo dispón a Disposición Final Terceira desta norma.

O artigo 17 dispón:

“La Caja ejecutará las órdenes judiciales y administrativas de embargo de garantías constituidas ante la Caja. Previamente a la ejecución, la Caja lo comunicará a las autoridades a cuyo favor se constituyó la garantía para que formulen alegaciones en el plazo máximo de quince días. La Caja remitirá las alegaciones al órgano judicial o administrativo que ha emitido la orden a los efectos que procedan, sin



perjuicio de que la propia autoridad pueda efectuar directamente la remisión de sus alegaciones al órgano judicial o administrativo poniéndolo en conocimiento de la Caja.”

CONTIDO:

Respecto desta normativa poden facerse as seguintes consideracións:

- Se non se da alguna das circunstancias previstas no artigo 110 da LCSP, procede a devolución da garantía.*
- Unha vez acordada a devolución dunha fianza pola correcta execución do contrato, convértese o seu importe nun dereito de crédito do contratista fronte á Administración e polo lo tanto, como calquera outro dereito de crédito, é susceptible de embargo pola AEAT, dándose cumprimento, deste xeito, ao disposto no artigo 65.3 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e no artigo 17 do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.*

De todo o exposto resulta que o Concello debe adoptar as seguintes medidas:

Primeiro: Acordar a devolución da fianza.

Segundo: Executar o embargo e ingresar á AEAT o seu importe.

Terceiro: Notificar ao contratista da medida adoptada

(...)”.

Visto que con data do 02 de agosto de 2024, rexistro de entrada núm. 202400200001196, la Agencia Tributaria notificou o levantamento do embargo de créditos respecto de Narabeen Global Service, S.L.

Vista a providencia asinada con data do 03.09.2024 (CVD: C415GHd8CW3ULW2IMP+F) pola tesoureira municipal Isabel Barbeito Montero na que entre outras cousas sinala que:

(...)

Téndose recibido unha solicitude de informe do Departamento de Contratación sobre a procedencia ou non de devolver unha fianza de 2.468,39 euros prestada por Narabeen Global Service, S.L para garantir a correcta execución do contrato para a prestación do servizo “Producción do evento cromático `Mural Fest`, dentro do programa `MoceArte`, a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024”, como consecuencia de recibirse no Concello unha dilixencia de embargo de créditos da AEAT, procédese a informar o seguinte:

-O día 08 de abril de 2024, rexistro de entrada núm. 202400300000255, recibíuse no Concello dilixencia de embargo de AEAT por importe de 3.309,11 euros respecto de Narabeen Global Service, S.L, CIF B27806132.

-O día 31 de maio de 2024, rexistro de entrada núm. 202400000002637, se presentou dilixencia de embargo da Tesorería General de la Seguridad Social, por importe de 925,81 euros respecto á mesma empresa.

-O día 19 de xullo de 2024, rexistro de entrada núm. 202400000003603, recibíuse notificación da Tesorería General de la Seguridad Social comunicando o levantamento do embargo anteriormente mencionado



-O 2 de agosto de 2024, rexistro de entrada núm. 202400200001196, la Agencia Tributaria notificou o levantamento do embargo de créditos respecto de Narabeen Global Service.

Como consecuencia do exposto procede a devolución da fianza.

(...)

A teor do establecido nos arts. 107-111 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía constituída pola empresa adxudicataria "Narabeen Global Services, S.L." para o servizo de "Producción do evento cromático 'Mural Fest', dentro do programa 'MoceArte', a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024", Exp: 2022/C004/00008, polo importe de 2.468,39 euros.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente".

Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 5 de setembro de 2024 (CVD: JpwPsC6SltkCuPkc8QFh), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende as 14.18 horas do día 29 ao 5 de setembro de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1011/2024 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1059/2024, segundo se relacionan a continuación:



| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|------------|---------------|---|
| 1011/2024 | 30-08-2024 | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de setembro de 2024 |
| 1012/2024 | 30-08-2024 | Avocación de competencias do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá don Daniel Mallo Castro do día 3 ao 10 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos |
| 1013/2024 | 29-08-2024 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: TBSS |
| 1014/2024 | 29-08-2024 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MCPS |
| 1015/2024 | 29-08-2024 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MEHdaSV |
| 1016/2024 | 29-08-2024 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: YCZA |
| 1017/2024 | 30-08-2024 | Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes xullo de 2024, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos e o seu pagamento por un importe total de 79.486,13 € |
| 1018/2024 | 30-08-2024 | Dar de baixa os recibos seguintes e todas as actuacións posteriores derivadas dos mesmos AMVP. Aprobar as seguintes liquidacións aos propietarios dos inmobles afectados MVS e outro |
| 1019/2024 | 30-08-2024 | Aceptar a renuncia voluntaria de LLR á súa condición de encargado de obras interino neste Concello, con efectos do 30 de agosto de 2024, de conformidade cos artigos 64 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, e 65 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia |
| 1020/2024 | 02-09-2024 | Aprobar a factura por un importe total de 576,00 euros |
| 1021/2024 | 02-09-2024 | Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 137, letra B no cemiterio municipal de Cambre solicitada en data 16 de abril de 2024 ao obxecto de inhumar o cadáver MVCC. Solicitante: RMBC |
| 1022/2024 | 02-09-2024 | Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 26/07/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MFS |
| 1023/2024 | 02-09-2024 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación |



| | | |
|-----------|------------|---|
| | | básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: KJTE |
| 1024/2024 | 02-09-2024 | Declarar o desistimento da solicitude de licenza municipal de actividade para a posta en servizo da estación base de telefonía móbil sita Andeiro presentada por TME, S.A., por canto que tendo transcurrido con creces o prazo para a presentación da documentación que lle foi requerida, esta non foi presentada, de acordo co disposto polos artigos 42.1 e 72.1 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Suspende inmediatamente os actos que está a realizar TME, S.A. na finca sita en Andeiro, consistentes na posta en funcionamento dunha estación base para equipos de telecomunicacións carecendo do preceptivo título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia |
| 1025/2024 | 03-09-2024 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RFE |
| 1026/2024 | 03-09-2024 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: AMGR |
| 1027/2024 | 03-09-2024 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: CRV |
| 1028/2024 | 03-09-2024 | Considerar desistido a EJMM da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 8/2/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento |
| 1029/2024 | 03-09-2024 | Considerar desistida a PMMM da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 22/1/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento |
| 1030/2024 | 03-09-2024 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ASG |
| 1031/2024 | 03-09-2024 | Considerar desistida a RLdaS da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 27/6/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, |



| | | |
|-----------|------------|--|
| | | polo tanto, o arquivo do procedemento |
| 1032/2024 | 03-09-2024 | Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: RNC |
| 1033/2024 | 03-09-2024 | Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JFR |
| 1034/2024 | 03-09-2024 | Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: LMLP |
| 1035/2024 | 03-09-2024 | Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JBRM |
| 1036/2024 | 03-09-2024 | Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitadas con datas 26/07/2024 e 29/08/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: JCGA |
| 1037/2024 | 03-09-2024 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: SVLF |
| 1038/2024 | 03-09-2024 | Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 06/08/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: MCMP |
| 1039/2024 | 03-09-2024 | Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a SGVP por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais |
| 1040/2024 | 03-09-2024 | Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a IFG por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais |
| 1041/2024 | 03-09-2024 | Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de CFB para a poda e roza da vexetación existente na finca sita en Cecebre, que está a invadir a vía pública, limitando a visibilidade do tráfico, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, |



| | | |
|-----------|------------|---|
| | | accesibilidade universal e ornato legalmente exibibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados |
| 1042/2024 | 03-09-2024 | Iniciar expediente de orde de execución a TNdel F e LGJG para a poda e roza da vexetación existente na finca sita en Brexo, que invade a vía pública, entrando ademáis en contacto co tendido aéreo, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exibibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados |
| 1043/2024 | 03-09-2024 | Iniciar expediente de orde de execución a LCT para a poda das polas das árbores existentes na finca sita en Santa María de Vigo, que invaden a vía pública, afectando as infraestruturas eléctricas, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria |
| 1044/2024 | 03-09-2024 | Iniciar expediente de orde de execución a JldelLLM e MJJM para a roza da vexetación existente nas fincas sitas en Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria |
| 1045/2024 | 03-09-2024 | Aprobar a relación de solicitudes admitidas dos participantes no Programa Mañanceiro para o curso 2024 – 2025 |
| 1046/2024 | 03-09-2024 | Revogación da delegación xenérica da Área de Cultura, Deportes e Xuventude efectuada a prol de don David López Saborido |
| 1047/2024 | 03-09-2024 | Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios de todas as persoas no período comprendido entre o 1 ao 31 de xullo de 2024, isto de conformidade co o informe emitido pola encargada do Padrón municipal de Habitantes de data do día 3 de setembro de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais |
| 1048/2024 | 03-09-2024 | Cesar con data 3 de setembro de 2024 ao funcionario interino FJBO polo transcurso do prazo máximo de nove meses dentro dun período de dezoito meses en acumulación de tarefas, de conformidade cos artigos 23.2 d) e 24.3.d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia |
| 1049/2024 | 03-09-2024 | Delegar no concelleiro don Ramón Boga Moscoso a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de LRD e PDG |
| 1050/2024 | 04-09-2024 | Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios de todas as persoas no período comprendido entre o 1 ao 30 de xuño de 2024, isto de conformidade co o informe emitido pola encargada do Padrón municipal de Habitantes de data 3 de setembro de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das |



| | | |
|-----------|------------|--|
| | | entidades locais |
| 1051/2024 | 04-09-2024 | Conceder, segundo o informe-proposta do coordinador de actividades culturais e educativas, co conforme do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 24/10/2023 os premios correspondentes ao concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2023. Conceder ás comparsas e carrozas participantes as gratificacións por participación, previstas nas bases para este concurso, por importe individual de 100,00 € a cada unha das 4 comparsas e de 300,00 € a cada unha das 11 carrozas |
| 1052/2024 | 04-09-2024 | Delegar na concelleira dona María Yolanda Díaz Baldomir a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de SFT e PCC |
| 1053/2024 | 05-09-2024 | Convocar sesión extraordinaria do Pleno municipal para o martes 10 de setembro de 2024, ás 11.00 horas |
| 1054/2024 | 05-09-2024 | Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 correspondente ao mes de marzo 2024 que comprende 264 recibos e 142 cotas cero por un importe total de 1.296,70 euros |
| 1055/2024 | 05-09-2024 | Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 correspondente ao mes de abril 2024 que comprende 268 recibos e 141 cotas cero por un importe total de 1.346,57 € |
| 1056/2024 | 05-09-2024 | Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 correspondente ao mes de maio 2024 que comprende 265 recibos e 141 cotas cero por un importe total de 1.323,82 € |
| 1057/2024 | 05-09-2024 | Nomear a MFV funcionario de carreira na praza de aparelador, encadrada na escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A2", de conformidade co art. 60 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia |
| 1058/2024 | 05-09-2024 | Conceder o duplicado da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ALZ |
| 1059/2024 | 05-09-2024 | Baixa de recibos da taxa por prestación do servizo público de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, evacuación e depuración e canon da auga da Xunta de Galicia a contribuíntes e liquidación aos substitutos do contribuínte SCG. Aprobar as liquidacións aos propietarios dos inmobles afectados, como substitutos do contribuínte e obrigados por lei ao cumprimento da obriga tributaria MLL e BFL |

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo